



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2023

1. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO 2023: PROGRAMA DEFINITIVO

O venres, 26 de maio, celebraremos a festividade de San Raimundo de Peñafort, co programa que a seguir se detalla:

- 18.00 h Misa na Capela da Corticela da Catedral de Santiago de Compostela, que se aplicará en lembranza dos compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no **Paraninfo da Facultade de Historia:**
- ❖ Entrega da **Medalla de Ouro** do ICA Santiago a **D. José Vicente Alvariño Alejandro**, maxistrado do Xulgado Contencioso-Administrativo Núm. 2 de Santiago de Compostela
 - ❖ Entrega do **XIII Premio de Dereitos Humanos a COGAMI**
 - ❖ Entrega de **diploma e insignia de ouro** aos letrados e letradas que cumpren **40 anos de exercicio** profesional
 - ❖ Entrega de **diplomas** aos letrados e letradas que cumpren **25 anos de exercicio** profesional
 - ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas
 - ❖ Entrega de **obsequio a D^a Inmaculada López Domínguez** con motivo da súa xubilación como empregada do ICA Santiago
- 20.30 h Viño de honra no claustro da facultade de Historia (planta baixa)
- 22.00 h **Cea-baile** no hotel Oca Puerta del Camino

22.00 h: Aperitivo no xardín (zona piscina)

22.30 h: Cea

Menú:

Salpicón de vieira, peixe sapo e lagostinos con crema de aguacate e tomatiños confeitados

Robaliza asada con cuscús de verduriñas

Solombo de porco ibérico con pataca asada ao romeu con salsa de cogomelos

Coulant clásico de chocolate con crema de augardente e xeadado de vainilla

Adegas:

Viño branco DO Godello

Viño tinto DO Ribera del Duero

Cava

Augas, refrescos e cervexas

Cafés e licores

Barra (2 consumicións incluídas no prezo)

Baile con DJ



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2023

Reserva de mesas

As tarxetas de invitación poderán retirarse na secretaría do colexio ata o día 16 de maio, ás 14.00 h. Existe a posibilidade de reservar mesas completas, se así se solicita, no momento de retirar as invitacións (mesas con capacidade de 8 ou 10 persoas).

Prezos

Nos prezos xa figura aplicada a subvención do colexio:

- Colexiados/as de máis de 5 anos: **55 €**
- Colexiados/as de menos de 5 anos: **47 €**
- Alumnado da EPX/máster: **47 €**
- Acompañantes (1 por colexiado): **55 €**
- Outras persoas (non colexiadas): **77 €**

Servizo de autobuses:

- Ida: 21.15 h / 21.45 h, con dúas paradas en cada viaxe: a 1ª na praza de Galicia e a 2ª diante do colexio Compañía de María (a Ensinanza)
- Volta: 3.00 h / 4.00 h (aprox.), dende o hotel ata a praza de Galicia.

2. XANTAR HOMENAXE POLA XUBILACIÓN DO MAXISTRADO JOSÉ VICENTE ALVARIÑO ALEJANDRO

Dende o Xulgado Decano pídenos dar difusión á información sobre o xantar que se está a organizar para homenaxear ao maxistrado do Xulgado Contencioso-Administrativo Núm. 2 desta cidade, D. José Vicente Alvariño Alejandro, con motivo da súa xubilación.

O xantar será o vindeiro **12 de maio, ás 14 h, no Hostal dos Reis Católicos** e poderá confirmarse a asistencia ata o 2 de maio.

Achégase unha folla informativa cos prezos e a forma de anotarse.